

O presente documento estará  
exposto no Taboero de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-06-2023  
ata a día 27-07-2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.



### Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TELECOMUNICACIÓNS, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS, GRUPO A - SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 23 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordó que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das*

*bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:*

*Don Diego Rodríguez Albardonedo, para ocupar a praza número 843, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións, escala administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións entrada número 1327."*

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 26 de xuño de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1978

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 27-06-2023  
ata a día 27-07-2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  
